

# CASA DOS ESPELLOS

*revista poliédrica da cultura galega nº4- 2021*





# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral  
 Carlos Barja Márquez  
 Adrián Feijoo Sánchez  
 Sara Fraga Pérez  
 Mateo Martínez Torres

Daniel P. Murado  
 José Raimundo Núñez-Varela Lendoiro  
 Raúl Otero Sánchez  
 Juan Antonio Rodríguez Arnao  
 David Miguel Rodríguez Martínez

Roque Sanfíz Arias  
 Antía Seco Cendán  
 Daniel Lucas Teijeiro Mosquera  
 Ricardo Varela Fernández

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)  
 Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)  
 Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del  
 Pasatiempo)  
 David Martín López (Universidad de Granada)

Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)  
 José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)  
 Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)  
 Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de  
 Morelos)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilarinho

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

## DESEÑO E ILUSTRACIONES

Yosune Duo: Maquetación, Diana Sobrado: Portada Xeral //Portadas dos artigos- Carmiña Burana, Yosune Duo, Diana Sobrado, Jose Souto, Adriana Villamisar, Sonia Zarrachiños . Mar Vieites fixo o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos).

## PERIODICIDADE&amp;CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

## CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto




[www.casadosespellos.gal](http://www.casadosespellos.gal)



[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)



**Fontes documentais arredor dos García Naveira (IV): o patrimonio das Escolas e Asilo García Irmáns de Betanzos a través dos seus inventarios**

pax8-33

ÁngelArcayBarralDanielLucasTeijeiroMosquera

**Agasallos da Diáspora: proxecto de Xornadas de Patrimonio Cultural e Emigración en Galicia**

pax34-41

AntíaSecoCendán

**Dous bustos dos irmáns García Naveira creados por Indalecio Díaz Baliño e a Fundación Solórzano**

pax42-51

DanielLucasTeijeiroMosquera

**De cando as mulleres do Asilo García Irmáns bailaron e cantaron a ribeirana**

pax52-71

SaraFragaPérez

**A horta ilustrada de Antonio Raimundo Ibáñez**

pax72-85

RicardoVarelaFernández

**El Pasatiempo de Betanzos: imáxenes de un desatino**

pax86-93 JoséRaimundoNúñez-VarelaLendoiro.CronistaoficialdeBetanzos

**Recordando la Historia: postales de una filantropía**

pax94-137

JuanAntonioRodríguezArnao

**Reseña: Bieito Alonso (2019). Anarquistas galegos en América. Ed. Galaxia, Vigo**

pax138-141

AdriánFeijooSánchez

**El álbum de recuerdos**

pax142-157 RaúlOteroSánchez

**Requeixo: el balneario clandestino**

pax158-165

CarlosBarjaMárquez

**El Rexurdimento de la imaxinería: la escuela escultórica gallega contemporánea**

pax166-179

DanielP. Murado

**Historia de la tortilla de Betanzos**

pax180-187

ÁngelArcayBarral


**Unha proposta de divulgación histórica nas redes e na rúa: Mazarelos**

pax188-193 MateoMartínez Torres,DavidMiguelRodríguezMartínezeRoqueSanfízArias



# DOUS BUSTOS

DOS IRMÃOS GARCIA MAVEIRA CRIADOS POR  
INDALECIO DIAZ BALINO E A FUNDICION SOLORZANO



## Dous bustos dos irmáns García Naveira creados por Indalecio Díaz Baliño e a Fundación Solórzano

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

Historiador da Arte

<https://orcid.org/0000-0002-9436-2277>

Ilustracións: Diana Sobrado

### Resumo

Debido ao recoñecemento póstumo que tiveron don Juan e don Jesús García Naveira, a *Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos* encomenda en 1944 a realización de dous bustos de bronce que retratasen as súas facianas. O encargado de modelalos foi o artista Indalecio Díaz Baliño e posteriormente producíronse na fábrica de fundición coruñesa *Talleres Solórzano S.L.* Aínda que se destinaron en orixe para a escalinata das Escolas García Irmáns, actualmente consérvanse no Museo das Mariñas (Betanzos) e pertencen a unha parte do patrimonio material que patrocinaron estes dous irmáns.

Palabras chave: busto, retrato, homenaxe, fundición artística, bronce artístico.

### Abstract

Due to the posthumous recognition that don Juan and don Jesús García Naveira had, the *Asilo y Escuelas García Hermanos* Foundation's commissioned in 1944 the realization of two bronze busts that portray their faces. They were modeled by the artist Indalecio Díaz Baliño and later they were produced by *Talleres Solórzano S.L.* foundry factory's. Although they were originally intended for the staircase of the García Hermanos Schools, they are currently kept in the Mariñas Museum (Betanzos) and belong to an important part of the material heritage that these two brothers sponsored.

Keywords: bust, portrait, tribute, artistic foundry, artistic bronze.


### 1. O recoñecemento póstumo dos irmáns García Naveira

Os irmáns García Naveira, Juan (Betanzos, 16/05/1849 – ibidem, 09/03/1933) e Jesús (Betanzos, 11/09/1852 – San Nicolás de los Arroyos, 24/03/1912), son fillos predilectos de Betanzos debido ao labor filantrópico que exerceron en vida. Tanto en vida como postumamente foron amplamente recoñecidos polo seu legado benéfico.

Por unha parte, cando morre don Jesús, o 24 de marzo de 1912<sup>1</sup>, o concello de Betanzos axiña planifica un acto para honralo, o cal acaprou parte do programa das festas patronais, xa que se celebrou case cinco meses despois da morte, o 17 de agosto; así mesmo, sucedéronse outros acontecementos emblemáticos para recordar a don Jesús, como foi, por exemplo, a velada literaria organizada polas sociedades obreiras brigantinas o 4 de setembro dese mesmo ano (fig. 1) ou a póstuma homenaxe do 7 de febreiro de 1917 (fig. 2).

---

<sup>1</sup> Logo de sufrir un accidente nun vehículo en San Nicolás de los Arroyos (Arxentina) o 21 de marzo de 1912, don Jesús queda gravemente ferido e tres días despois falece a causa dunha hemorraxia interna.



(Fig. 1) Portada da Velada literaria celebrada el 4 de septiembre de 1912 á la memoria del filántropo brigantino Don Jesús García Naveira.



(Fig. 2) Fotografía do álbum Póstumo homenaxe á un filántropo dedicado a don Jesús García Naveira (07/02/1917).



Por outra banda, cando fina don Juan, o 9 de marzo de 1933, o seu enterro tamén causo unha profunda tristeza en Betanzos. Disto dáse

boa conta observando as fotografías do seu enterro, que foi amplamente seguido pola multitude (fig. 3).



(Fig. 3) Fotografía do enterro de don Juan García Naveira, seguido pola multitude ao seu paso pola Ponte Vella de Betanzos (10/03/1933).

Mortos os dous irmáns, só quedaba un organismo que continuase o seu labor filantrópico: o *Patronato Benéfico-Docente García Hermanos*. Constituído en 1908 para administrar a economía das institucións que erixiran os irmáns, esta fundación proseguiu as súas funcións e colaborou en distintas actividades coas autoridades locais, como por exemplo a misa que se dedicaba á memoria dos García Naveira cada 27 de marzo<sup>2</sup>.

## 2. Os bustos de bronce dos García Naveira

O 28 de novembro de 1944 o padroado, presidido por Juan Jesús García Iribarne –fillo de don Juan–, decide celebrar un acto conmemorativo especial: a colocación de dous bustos de bronce de don Jesús (fig. 4) e de don Juan (fig. 5) nas fornelas das escaleiras que había nas Escolas García Irmáns. Estas dúas esculturas modelounas o artista Indalecio Díaz Baliño e producíronse na fábrica de fundición coruñesa

---

<sup>2</sup> Arquivo Municipal de Betanzos, calxa 73, doc.30. Honras e distincións: expediente instruído co fin de celebrar o funeral que ten acordado a corporación municipal, con motivo do aniversario do falecemento dos filántropos Juan e Jesús García Naveira, e que ten lugar o día 27 de marzo de todos os anos, tendo que celebrarse no ano corrente o día 24, por coincidir a data anterior ca Semana Santa, 1945, 5 pp.



*Hijos de Solórzano* (Erias Martínez, 2008: 530).

*El día 28 del pasado mes de Noviembre tuvo lugar en las Escuelas el solemne acto de descubrir los bustos de bronce de los Fundadores de las mismas: Excmos. Sres. Don Juan M<sup>a</sup> y Don Jesus García Naveira, obra del aclamado artista Díaz Valiño. A dicho acto concurren el Sr. Gobernador Civil de la Provincia, el Sr. Presidente de la Diputación Provincial, el Alcalde de la ciudad y demas autoridades locales.<sup>3</sup>*

Sobre a frase *solemne* acto de descubrir los bustos que se menciona na acta do padroado, cómpre dicir que a verba ‘descubrir’ non fai alusión a que se atoparon os bustos porque xa existían con anterioridade, senón á acción de quitar o pano que cubriría os bustos no acto conmemorativo. Isto indica que se realizaron *ex professo* para esa ocasión por iniciativa do fillo de don Juan.

Así e todo, o acontecemento celebrouse con oficialidade, xa que acudiron Emilio de Aspe Vaamonde –gobernador civil da provincia da Coruña entre 1939 e 1945–, Emilio Romay Montoto –presidente da Deputación Provincial da Coruña entre 1939 e 1950– e Manuel Becaría Loureda –alcalde de Betanzos entre 1943 e 1945– xunto a *demas autoridades locales*. A congregación destes persoeiros indica, pois, a

facilidade que tiña de comunicarse o padroado coas administracións, o que denota a importancia que posuía a administración que tamén legara don Juan García Naveira para o poder público.

Porén, logo de estar estes dous bustos nas Escolas García Irmáns, trasladáronse ao Museo das Mariñas de Betanzos, lugar onde se conserva a día de hoxe.

### 3. Indalecio Díaz Baliño: o autor dos bustos

Indalecio Díaz Baliño (Ferrol, 14/12/1896 – A Coruña, 03/02/1952) foi o encargado de modelar os retratos dos irmáns García Naveira (fig. 6). Delineante e escultor de profesión, a súa faceta artística explícase a partir do seo familiar no que se criou. Os seus pais, Germán Díaz Teijeiro e Camila Baliño López, tiveron un total de nove fillos, de entre os cales salientaron no panorama cultural do século XX o propio Indalecio e os seus irmáns Camilo<sup>4</sup>, Ramiro<sup>5</sup> e Lolita<sup>6</sup>, que foron egresivas figuras da historia da arte galega.

Sendo moi novo, Indalecio axiña comezou a súa andaina artística formándose na Escola de Artes e Oficios da Coruña xunto con admiradas figuras como Isidoro Brocos. Alí aprende escultura, gravado e debuxo. Tendo tan só trece anos xa pintaba os carteis das festas da Coruña que se amosaban nos escaparates dos establecementos comerciais da Calle Real<sup>7</sup>, traballos que ían demostrando o seu éxito.

---

<sup>3</sup> AMB, 20/12/1944. Arquivo «Fundación Asilo y Escuelas García Hermanos», sección Gobierno, c-3203, Actas da «Junta Patronal. 1940-1967», Bustos fundadores, p. 14 a.

<sup>4</sup> Camilo Díaz Baliño (Ferrol, 14/07/1889 – Palas de Rei, 14/08/1936): prolífico artista gráfico que foi membro da Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista; tamén foi masón, como probablemente foran os irmáns García Naveira. Estalada a guerra, foi fusilado pola Falanxe.

<sup>5</sup> Ramiro Díaz Baliño (A Coruña, 15/05/1902 – *ibidem*, 18/04/1973): debuxante recoñecido polas súas siluetas realizadas en papel e madeira.

<sup>6</sup> Lolita Díaz Baliño (A Coruña, 06/01/1905 – *ibidem*, 03/11/1963): fotógrafa, pintora e profesora. Foi a primeira a muller en entrar na Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario xunto con Carmen Corredoira.



(Fig. 4) Indalecio Díaz Baliño (1944): Busto de bronce de don Jesús García Naveira realizado pola Fundación Solórzano da Coruña.

Xunto coa pintura, paseniñamente Indalecio tamén se ía achegando á escultura, faceta artística coa que adquiriría semellanzas formais coas ilustracións do seu irmán Camilo. Como consecuencia do seu desenvolvemento estilístico, Indalecio comeza a recibir varias recompensas, como por exemplo o *Premio de Honor das Artes Industriais do Padroado Obreiro* de 1912 –outorgado polo debuxo con craións de dúas cabezas modeladas en xeso–<sup>8</sup> ou unha bolsa de 500 pesetas que lle concede a Deputación Provincial da Coruña en 1915 para que se forme na Real Academia de San Fernando –gañada grazas aos seus excelentes traballos de modelo–<sup>9</sup>.

Á vez que tamén realizaba debuxos para publicar en revistas culturais, como por exemplo a vilalbesa *Aurora*, Indalecio medraba no eido escultórico e como delineante. Así, en setembro



(Fig. 5) Indalecio Díaz Baliño (1944): Busto de bronce de don Juan García Naveira realizado pola Fundación Solórzano da Coruña.

de 1919 participa na primeira exposición de artistas galegas en América, que foi no Salón Wicom de Buenos Aires, onde presentou sete esculturas en xeso.

Grazas ao seu irmán Camilo, coñece nos anos vinte en Santiago de Compostela ao cambadés Francisco Asorey, figura por excelencia da escultura galega. Coa relación que establece con este, Indalecio dará un salto cualitativo na súa escultura, seguindo as fluencias rexionalistas. Ademais, tras conseguir a praza como profesor da Escola de Artes e Oficios da Coruña neses anos, Indalecio goza de sustento económico e pode centrarse na creación artística, o que explica que na década dos vinte realizase obras de especial repercusión, como por exemplo *O cego*, *O rezo*, *No sermón*, *A volta da sega*, *Devotiña* ou o busto conme-

<sup>7</sup> *El Eco de Galicia* (10/09/1910): *Sen título*, n. 1.239. *Talleres de El Eco de Galicia*, A Coruña, p.1.

<sup>8</sup> *El Eco de Galicia* (30/04/1912): «En el patronato católico», n. 1.747. *Talleres de El Eco de Galicia*, A Coruña, pp. 1 e 2.

<sup>9</sup> *El Eco de Galicia* (03/06/1915): «Alumno aprovechado», n. 2.813. *Talleres de El Eco de Galicia*, A Coruña, p. 2.



morativo en bronce de José Calvo Sotelo para a Deputación Provincial da Coruña (VV.AA., 2010: 328). Indalecio proseguirá coa escultura o resto da súa vida, coñecendo cada vez a máis persoas da cultura, o que lle valeu para integrarse na Asociación de Artistas da Coruña en 1934 e para gañar o diploma de honor do *II Certamen de Galicia*. Establecida a Ditadura, aliñase co franquismo para protexerse a el e a Isaac Díaz Pardo –que quedara orfo tras o asasinato do seu pai–, e ao pouco tempo consegue a praza de profesor de modelado na Escola de Belas Artes.

Logo de participar na *Gran Exposición Regional de Bellas Artes y Artes Decorativas* organizada pola Real Sociedade de Amigos do País de Santiago en 1941, Indalecio gozaba dunha ampla experiencia e reputación no momento en que lle encargaron os modelos dos bustos dos irmáns García Naveira. Con todo, os retratos de don Juan e don Jesús amósanse bastante fieis á realidade e mesmo desvinculándose de grandes expresividades como fixera noutras obras. Neste sentido, Indalecio representa aos filántropos con verosimilitude, debido a que a finalidade da obra era o que pedía: un retrato que recordase na memoria o legado benéfico dos irmáns. De feito, neses anos Indalecio chegou a ser director da Escola de Artes e Oficios Artísticos da Coruña e vogal do padroado do Museo de Belas Artes da Coruña, é dicir, conseguiu unha posición social e cultural que lle valeu para seguir realizando bustos en bronce de homenaxe doutros personaxes ilustres locais, como por exemplo un do célebre pintor José Seijo Rubio<sup>10</sup>.

Finalmente, logo dun amplo currículo de recoñecementos honoríficos, é nomeado membro numerario da Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario o 9 de maio de 1948 (López Naya & Torres Casal, 2006: 340), acontecemento que ocorreu catro anos antes da súa

morte.

#### 4. Talleres Solórzano S.L.: a fábrica que fundiu os bustos

A fabricación dos bustos modelados por Indalecio realizouse na fábrica de fundición *Talleres Solórzano S.L.* (fig. 7). Esta fábrica coruñesa xa non existe, porque se derrubou para a construción de edificios de vivendas a principios dos anos setenta. Así pois, *Talleres Solórzano S.L.* localizábase na beira do río Monelos –que a día de hoxe está entubado baixo terra–, encadrándose actualmente entre a marxe norte da avenida de Monelos, a leste da rúa Alcalde Pérez Ardá, a sur da rúa Joaquín Galiacho e a oeste da rúa Corrales.

Fundada por Manuel Solórzano Ibáñez en 1866, esta fábrica foi unha das tres fundicións máis importantes da Coruña, xunto coa de Miguel Muñoz Ortiz e a de Julio Wonenburger. A actividade desta industria proseguírona os herdeiros de Manuel Solórzano ata 1980, o que explica que permanecese o apelido familiar en cada etapa que viviu a fábrica. Canto á súa produción, dedicábase principalmente a fundir pezas en serie de todo tipo –ferramentas, obxectos mecánicos, cociñas de ferro, ferramentas, motores...– (Alonso Álvarez, Lindoso Tato, Vilar Rodríguez, 2008: 219), pero tamén se centrou na factura dalgunhas pezas artísticas exclusivas e suntuosos elementos arquitectónicos.

Os bustos dos García Naveira producíronse na fundición dos Solórzano nos anos corenta, cando dirixía a fábrica Julio Solórzano Rodríguez. Este foi o neto do fundador e tamén o que converteu en 1938 á empresa familiar en sociedade limitada, status que lle permitía medrar no eido económico.

Pois ben, o bronce co que se fundiron os

<sup>10</sup> *El Correo Gallego* (01/04/1949): «Homenaje a Seijo Rubio», n. 24.017. Talleres de El Correo Gallego, Santiago de Compostela, p. 6.



(Fig. 6) Sinatura de Indalecio Díaz Baliño no busto de don Juan García Naveira.



(Fig. 7) Sinatura da Fundición Solórzano no busto de don Juan García Naveira.

bustos dos García Naveira foi un material recorrente na fábrica, xa que o anterior director da fábrica –José Fernando Solórzano, fillo do fundador– en 1927 subcontratara coa Fábrica de Cerillas da Coruña a concesión de fósforos para a produción de aliaxes de bronce fosforoso<sup>11</sup>.

### 5. Os bustos na actualidade: dous obxectos exhibidos no Museo das Mariñas

Como xa se sinalou, na actualidade os bustos dos García Naveira consérvanse no Museo das Mariñas (fig. 8), que é propiedade do Concello de Betanzos. A súa situación é lóxica, xa que pasaron das escolas a mans municipais para que o pobo betanceiro puidese coñecelos. Así pois, no Museo das Mariñas comparten espazo expositivo con outros obxectos que foron empregados polos profesores e polos alumnos das Escolas García Irmáns, namén-

tres agora serven para as visitas de escolares e o resto do público do museo.

A conservación destes bustos de bronce non sería posible sen o labor que se fai desde o persoal do Arquivo Municipal de Betanzos, xa que foron precisamente Alfredo Erias e Xosé María Veiga Ferreira quen conseguiron salvar boa parte dos bens que se almacenaban nas Escolas García Irmáns cando estas estaban case en ruínas (Erias Martínez, 2013). É grazas a iso que se puido confeccionar o espazo dedicado aos García Naveira no Museo das Mariñas. En conclusión, documentar estes dous obxectos e moitos outros é unha necesidade primordial para poder conservar a colección no futuro, pero tamén para poder coñecer e completar a historia de personaxes como sucede con Indalecio Díaz Baliño ou institucións relevantes na historia do patrimonio industrial que contribuíron á historia da arte de Galicia como é o caso da antiga fábrica de fundición dos Solórzano.

<sup>11</sup> El Ideal Gallego (15/05/1927): Sen título, n. 2.894. Dirección Telegráfica y Telefónica Idea, A Coruña, p. 5.





(Fig. 8) Museo das Mariñas (Betanzos, A Coruña). Sala dedicada ás Escolas e Asilo García Irmáns.

## BIBLIOGRAFÍA

ALONSO ÁLVAREZ, Luis, LINDOSO TATO, Elvira, VILAR RODRÍGUEZ, Margarita (2008): «Los empresarios del hierro: Galiacho, Solórzano, Ortiz y Wonenburger, 1843-1984», *Construyendo empresas: La trayectoria de los empresarios coruñeses en perspectiva histórica, 1717-2006*, v. 1. Confederación de Empresarios de A Coruña, A Coruña, pp. 211-228.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2008): «Betanzos pedagóxico», *Anuario Brigantino*, n. 31. Concello de Betanzos, Betanzos, pp. 529-552.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (2013): «A "Educación" no Arquivo Municipal de Betanzos e no Museo das Mariñas», *Murguía: Revista galega de historia*, n. 27. Instituto Galego de Historia, Santiago de Compostela, pp. 203-210.

LÓPEZ NAYA, Juan Raúl, TORRES CASAL, José (2006): «Apuntes para la historia: síntesis histórica y relación de presidentes y miembros numerarios de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario desde 1850 hasta el presente», *Abrente: Boletín de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, n. 38. Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, A Coruña, pp. 303-352.

RODRÍGUEZ CRESPO, Manuel (1983): *Lucha y generosidad de los Hermanos García Naveira*. Concello de Betanzos, Betanzos.

VV.AA. (2010): «Díaz Baliño, Indalecio», *Diccionario biográfico de Galicia*, v. 1. Ir Indo Ed., Vigo, p. 328.



# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

Casa dos Espellos: Revista poliédrica da culturagalega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén cun interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve

resumen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descripción biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.



## IMAXES

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## DIFUSIÓN

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## DEREITOS

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## REVISIÓN

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor

coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## CORRECCIÓN

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

